

afamadas e tradicionais

festas da rua de baixo

do 31 de agosto ao 3 de setembro



as mãias



CAFE-BAR

SAÚDO DA COMISIÓN DE FESTAS

Xa están aquí as Tradicionais e Afamadas Festas da Rúa de Abaixo!!!!!!!

Cada comezo de setembro e, para darlle unha cerimoniosa despedida ao verán, a Rúa de Abaixo véstese coas mellores galas e acolle fachendosa toda a veciñanza.

Veciñas e veciños de todas as idades ocuparemos a rúa con xogos e danzas. As risadas, o griterío da rapazada, o parolar, a música e os foguetes hase converter na banda sonora destes días de Festa.

Agardamos que o programa deste ano, no que traballamos con tanta ilusión, sexa do agrado da xente pequena e grande e aproveitamos tamén para emprazarvos a participar coas vosas ideas ou suxestións na preparación das festas do ano que vén.

A rapazada porá a funcionar a súa inventiva e creatividade no Obradoiro e Concurso de Faroís e o seu amplo sentido artístico porase de manifesto cando decorem os deses aburridos muros do barrio que peden a gritos da man infantil.

“Lembrando o Barrio” traeranos máis unha vez a sabedoría da xente mais vella que, desta volta, compartirá connosco a importancia que noutrora tiveron e hoxe tamén teñen “Os Oficios”.

O Venres arrancará o programa cunha Festa Tradicional: A rúa encherase do son de gaitas e pandeiretas e os bailadores e bailadoras sacarán os puntos máis sinxelos e revirados para facernos gozar dunha noite cargada de tradición e alegría.

O Sábado, despois do pasarrúas, con música e cabezudos, teremos o Pregón. Non perdades a Sesión Vermú, amenizada polos nosos queridos Eva e Camilo que seguro porán toda a carne no asador para facernos bailar e axudarnos a escoller a raíña ou o rei do baile deste ano. Despois do baile convidámosvos a xantar na rúa: Converteremos o campo da festa no comedor do barrio e compartiremos mesa con veciños e familiares. Animádevos a ficar e compartir as viandas que traíades.

O Festival Infantil vén cargadiño de actividades nas cales o grandes e pequenos pasarémolo un mundo de ben: no Troco de Xoguetes poderedes intercambiar os brinquedos que xa non usades, faredes enxeñosos deseños no obradoiro de pinturas de cara ou no mural, divertirémonos coas actuacións e ademais participaredes na 1ª Concentración Moteira Infantil “FERRO A FONDO”. Así que ide pondo a punto os vosos triciclos, bicicletas, patinetes ou patíns porque a Rúa de Abaixo estavos agardando!

Pola noite unha magnífica verbena chea de actuacións e... festa rachada até a madrugada.

Por último dicirvos, veciños e veciñas, que a Comisión de Festas da Asociación Veciñal “As Marías”, sabedora das dificultades destes tempos que vivimos, queremos agradecervos especialmente o esforzo realizado e o apoio que nos estades a prestar para que estas Festas sexan as nosas Festas: As que podemos e as que queremos ter.

Vémonos na rúa!

> gaurum bistró

cociña-bodega-catering

Pracía das Penas, 1 baixo
Santiago de Compostela
981 062 631 - 637 273 700
info@bor-gorum.es
www.bor-gorum.es

A

Antonio
Peluqueros

Santa Clara, 16
Santiago

previa cita
Telf: 981 56 63 80

A Illa dos Basquiños

"Na miña rúa existe un carril bici e un único sentido de circulación para os vehículos, por iso a velocidade de circulación non sobrepasa os 30 kmh. Esta rúa ten árbores e macetas con plantas e flores de moitas cores e tamén existen uns bancos para que os veciños e veciñas poidamos descansar ou contar un conto no medio desta vida tan acelerada. Foi un acerto reducir a un só sentido a circulación pois permite ter unhas beiras amplas nas que os peóns camiñemos sen andar a tumbos e cando chove resgardarnos, non da choiva, senón das salpicaduras dos coches e buses. A veciñanza está dándose conta que antes era un sen vivir: ruído, fume, molladuras e moito perigo ao cruzar os pasos de peóns. Os comercios e negocios, contaxiados co cambio, renováronse e tamén están satisfeitos, pois a gran cantidade de xente que transita diariamente pola rúa agora non pasa a toda velocidade e animase máis a comprar".

O cambio dos espazos nas cidades é imparabile, as persoas teñen que ser as protagonistas da vida nas rúas e non os coches e demais vehículos a motor. A procura da sustentabilidade pasa por un ordenamento do transporte e unha mudanza nos hábitos da veciñanza. A recuperación dos espazos para a cidadanía xunto coa valoración dun modo de mobilidade sustentable non parecen estar na axenda dos nosos polític@s, seguimos vendo facer cousas como se a contaminación, o efecto invernadoiro, o exceso de vehículos, o ruído do tráfico, o aire irrespirable, etc. sexan unha necesidade vital e non, non e non. A xente demandamos un cambio radical, noutros lugares xa están en marcha transportes sustentables, ecobarrios, espazos para a xente vella, espazos infantís, dinámicas que favorezan o comercio local ...

Eu, mentres tanto, seguirei vivindo e soñando na " illa dos Basquiños" pois nada do dito existe nela.

Xosé González Ares



Isabel Iglesias Lodeiro

Delegada

Agente de Seguros
iiglesi@mapfre.com



MAPFRE

Travesa Pastoriza, 1 baixo · 15704 Santiago de Compostela (Coruña, A)

Tel.: 981 562 300 / Fax.: 981 560 919

Nº Regtro: C0058-33244876-D

"Aseguramos tu calidad de vida"

FAMILIAR:

Asistencia sanitaria, Automóviles, Hogar, Comercios, Accidentes

SEGUROS VIDA - HIPOTECAS

INVERSIONES - EMPRESAS

Supermercados

FROIZ



Maribel e Angelines Tejidos



rúa espírito santo 52
tel.: 981 58 25 73

Zaida Bárcena

Peluquería



E
s
t
é
t
i
c
a

ZB

MARTES
piernas enteras e ingles
9,50 €

Santa Clara, 16 • Santiago
Telf.: 659 209 511 - 981 557 826

programa:

día 31 de agosto

19:30 obradoiro de farois
praciña da fonte da rúa de abaixo

polvo à feira!
día 2 pola noite
e 3 no vermu

día 1 de setembro

20:30 lembrando o barrio: os oficios
praciña da fonte da rúa de abaixo ou, se chove, no café bar leis

día 2 de setembro

20:30 ruada musical
21:00 inicio da festa e discurso de benvida a cargo de
xosé gonzález ares
premio ao farol máis bonito
21:30 espectáculo musical:

os modernos
habelas hainas
tanto nos ten

23:00 astronomía na beirarrúa (imos ver as estrelas!)

día 3 de setembro

10:30-14:00 mercado entre lusco e fusco
mercado de 2ª man

praciña da fonte da rúa de abaixo

(merca produtos ecolóxicos da comarca e o venres 2 de setembro achega ao pichel a roupa en bo estado ou cousas que xa non usas para o mercado de segunda man)

11:00 ruada polo bairro con cabezudos, musica tradicional
e bombas de palenque

12:00 ruada pola rua de baixo coa compañía do ruído

13:00 pregón a cargo de Mónica García e unha persoa do barrio
13:30 vermú amenizado por

eva e camilo

teremos premio para quen baile máis animado.

15:00 hoxe comemos na rúa

(achégate coa túa familia e amigos a comer coa veciñanza)

17:00 festival infantil

troco de xoguetes usados

(troca por outra cousa os teus contos, bonecos, bolas, disfraces, ...)

xogos populares


pinturas de cara

mural colectivo na rúa

circo: o autoestopista intergaláctico por aitor garuz

1ª concentración infantil moteira ferro a fondo

(trae a túa bici, triciclo, patinete, patíns e participa deste acontecemento)



20:30 ruada de zumbom (trópico de grelos)

22:00 concerto e verbena

orquestra branco e negro

a banda da balbina

segundo pase da orquestra

e para rematar, como non podía ser menos,

dj joão argimiro

**Lotería
PICHITA**

R/ Santa Clara Nº18, Bajo
 Teli.: 981 58 30 38
 Santiago - 15704 A Coruña

www.loteriapichita.es

M movistar

CENTYC

INTEGRAMOS AS TUAS COMUNICACIONS

A túa Tenda Telefonica

Bertamirans Avda da mahia 74	Milladoiro Rua da cruxa 4	Sigüeiro Avda Compostela 3	Santiago Rua San Roque 5
--	-------------------------------------	--------------------------------------	------------------------------------

TELEFONO: 981891411 902110004 Fax 981891467

Www.centyc.com centyc@centyc.com



Séchu Sende,
agradecemos-che
este bonito desenho
que ilustra as festas
deste ano da rua de baixo

Comi. de Festas



CLINICA

VETERINARIA

SAN ROQUE

Rúa San Roque, 24 Baixo

Teléfono 981 58 72 33

URXENCIAS 24 H.: 607 95 22 70

15704 SANTIAGO DE COMPOSTELA

1ª concentración infantil moteira **FERRO A FONDO**

3 de setembro 19h30 na rua de baixo

(trae a túa bici, triciclo, patinete, patíns e participa)





HOTEL SANTA CLARA

Santa Clara, 12
Tel.: 981 574 003



PAN DE BERDÍA

Santa Clara nº 20
T: 636 869 376

O nosso bairro nom esquece o seu vizinho Rafael Pardo Carmona comissom de memória histórica da gentalha do pichel

No 2º D do número 12 de Santa Clara, por onde muitas de nós passamos a diário, vivia Rafael Pardo Carmona, um vizinho do bairro que nos negamos a esquecer depois de setenta anos, ainda que os fascistas do presente o queiram enterrar novamente baixo toneladas de esquecimento. Solteiro de 37 anos, Rafael foi um de tantos mestres que na II República exerceu a sua profissom com a fé de forjar um mundo mais justo, onde o ensino nom fosse só para os ricos. Trabalhava em Banho (Muros) e militava em Esquerda Republicana. Bastante perto, em Entines na Serra de Outes, a irmã Elvira também era Mestra Nacional.

Precisamente este sector, a nova geraçom de mestres e mestras republicanas, em tanto que semente de umha nova sociedade, pioneiras de novas pedagogias e formadoras de umha nova cultura, fõrom umhas das principais vítimas da repressom franquista na Galiza. O historiador Carlos F. Velasco Souto assinala que se estima que *“quase dous mil professores e professoras galegas do ensino primário teriam sofrido algum tipo de penalizaçom”*, sendo assassinados, como Rafael Pardo, os mestres de Moanha, Ordes, Vigo, Ponte Vedra, Minho, Baleira ou Maçaricos... até chegar a cerca de um cento.

No 19 de novembro de 1936 terá lugar em Compostela o conselho de guerra de maior importância da zona, em que se “julgam” doze dos integrantes do Comité Local de Defesa da República. Rafael Pardo e outros nove companheiros -José e Manuel Maronho Calvo, Modesto Passim Noia, Fernando Domingues Caamanho, Luís Martins Nouche, Francisco Ponte Cés, Rafael Pena, Luís Rastrolho Fernandes e o alcalde em funçons José Germám Fernandes- som condenados a morte por *“traioçom contra a Pátria já que dizendo-se defensores da República, que por ninguém era atacada, constituírom um comité com o fim de*

implantar umha ditadura comunista ao serviço da União Soviética”. Seriam fusilados a 3 de dezembro. Salvou-se o arredista José Carneiro Valenzuela, umha personagem interessante que a 26 de junho de 1931 participara, também em Compostela, na proclamaçom da República Galega, com um aceso discurso em que arengava dizendo: *“Galiza demonstra bem às claras que está em pé, em aberta revoluçom para conseguir a sua liberdade, a sua autonomia e a sua independência absoluta. Cidadãos: neste momento nom nos interessa a República federal espanhola, senom a República galega. A proclamá-la por cima de todos os caciquismos, de todos os governos civis, de todas as arbitrariedades dum poder central!”*.

Graças ao trabalho da Asociación Cultural Barbantía podemos consultar a carta que Rafael escreveu no cárcere de Santiago horas antes da sua morte. Dirigida aos seus irmaos Pepe, Elvira e Helena e mais aos sobrinhos, está cheia de um fundo humanismo: *“A vida arrebatam-ma em nome de um Deus, da forma mais covarde, cruel e assassina e sem ter cometido outro delito que o de consagrar os meus ideais limpos de ambiçom e do mais leve prejuízo em beneficio da causa da liberdade que só os homens de sentimento humano podem conceber”*. Nela exalta o povo *“que trabalha e labora sem outras pretensons que as de regular e humanizar a máquina societária”* face aqueles *“profetas divinos [que] em nome da sua misericórdia e fé católicas invocam o nome de Deus e da justiça para descarregar as suas iras ferozes sobre os que pola vida de todos sacrificam a sua vida própria”*. Nom esquece expor os ideias polos quais é assassinado: *“... E morro arelando umha pátria redimida de tiranias e falsidades, por umha terra livre, de seres conscientes e*

inspirados num campo de equidade e de justiça, para que jamais em nengum tempo volte a fazer presa nos vossos coraçõs o terror, a infâmia e a vil crueldade dos que nesta hora desembainham descaradamente a espada fingindo umha causa que só serve a favor das suas malvadas apetências vertendo e derramando o sangue dos verdadeiros justos como o som os nossos leais irmaos”.

Horas depois de escrever estas linhas, é metido numha furgoneta e transportado aos arredores do cemitério de Boisaca onde será assassinado junto com outros dez companheiros. Desde os calabouços de Rajói onde se amoreavam os presos políticos tentara fazer chegar à sua irmã Elvira um aviso em que a informava do iminente assassinato, para poderem ver-se por vez última:

*3 Dbro, 1936/ 3 madrugada
Elvira Pardo Carmona.
r/ Santa Clara, 1- 2º. Santiago*


Elvira: Procura vir às 3 em ponto que é a hora concedida. A sorte nom me quijo acompanhar ao parecer, porque a justiça sobrada a tenho acariciando a minha consciência e isto deve encher-nos de satisfação, tranquilidade e serenidade como as que a mim me acompanham e acompanharám sempre. Abraços.

Rafael.

Elvira só pudo sair à porta da sua casa de Santa Clara, ao pé da estrada da Corunha, ver passar por diante a camioneta que levava o irmao à morte.

Muitas vezes, as portas humildes do nosso bairro abrem-nos histórias de mártires e heróis que nunca terám umha placa institucional nem homenagens do Concelho.

Nós, continuaremos a petar nelas.



**CANTOM DO S. BIEITO, 4
COMPOSTELA**

día 31 de agosto 19:30

obradoiro de farois

praciña da fonte da rúa de abaixo



Café - Bar

LEIS

Ventura Leis Villar

N.I.F. 76.457.114 - P

HABITACIONES DOBLES E INDIVIDUALES

Basquiños, 17 • Teléfono 981 581 112

SANTIAGO DE COMPOSTELA




San Roque, 13 - Santiago

Teléfono 981 564 379

info@labodeguilladesanroque.com www.labodeguilladesanroque.com

saca
ca
un
tos



cooperativa
gráfica

rotulaçom
livros
imprenta
têxtil

merchandising
crachás
grande
formato

info@sacauntos.com
zona vista alegre
santa ugia de ribeira nº2
15705 compostela - GZ
981 576 883 / 657 096 931

Ecoloxía no barrio

O noso barrio, como todos os barrios de calquera país desenvolvido, atópase a diario cun preocupante problema do cal todos e todas debemos ser conscientes: o lixo. A cultura do “usar e tirar” xera unha enorme cantidade de refugallos, moitos deles reciclables, que van directamente ás lixeiras. É necesario que tomemos conciencia do impacto que a nosa vida diaria ten sobre o medio e asumirmos a nosa responsabilidade persoal e activa sobre as consecuencias do que facemos. Tentar aplicar un estilo de vida sustentable é o punto de partida para determos a espiral depredadora e destrutiva do noso medio.

JUAN, un veciño do barrio moi concienciado sobre a necesidade persoal de actuar para poder frear a destrución do medio, fálanos nesta entrevista sobre a súa experiencia.

Desde cando vives no barrio?

Vivo aquí hai 27 anos, a miña nai xa era de aquí.

Diariamente vémoste, sobre todo nos Basquiños, metendo dentro dos contedores de reciclaxe, o lixo que outra xente non separa ou que deixa fóra. Canto tempo hai que fas este labor e por que decidiches facelo?

Hai tres anos que decidín facelo por dous motivos fundamentais, primeiro porque me preocupo polo entorno en que vivo e segundo porque o considero necesario, xa que coa reciclaxe podemos evitar que, por exemplo, se corten árbores. As árbores proporcionannos osíxeno e se non se produce osíxeno... Non sei se te fixaches pero detrás dos contedores xa hai plantadas varias árbores: dous castiñeiros, tres loureiros, un pexegueiro, salgueiros. Algunhas xa naceron aí pero outras trouxenas eu coa finalidade de que nese espazo, que estaba abandonado e cheo de lixo, medrasen as árbores.



Cres que no barrio hai contedores abondo?

Pois creo que non, que non hai abondo. Por exemplo, no Campo da Pastoriza falta un contedor amarelo, nos Basquiños, á altura de Emigración, faltan tódolos contedores para separar o lixo (plástico, vidro e papel) e debería haber tamén na rúa contedores para depositar os aceites usados. En Vite, por exemplo, hai contedores para os CD e, non sei se o sabes pero o plástico dos CD é un plástico moi bo que se recicla para facer pezas de automóbil aínda que en España só hai unha planta que poida facelo.

Por que cres que aínda hai xente que non separa o lixo?

Por comodidade e porque non son conscientes do importante que é para nós a reciclaxe. Só temos un planeta e non podemos dedicarnos a destruílo ou non facer o que estea da nosa man por salvalo.

Como cres que se podería estimular a veciñanza a separar o lixo para a súa reciclaxe?

Non son partidario das multas pero penso que habería que concienciar a xente da necesidade de facelo. Se por min fose, poría os que non separan o lixo a plantar árbores. Hai iniciativas que pretenden estimular economicamente a reciclaxe. Por exemplo colocar máquinas onde se devolven (igual que se facía antes) os envases retornables e as mesmas máquinas xa che dan uns cartiños por facelo. Así, se cadra, podería funcionar, pero hoxe en día, a xente, se non hai cartos polo medio...

Cres que todo o mundo sabe separar o lixo correctamente?

Non sei se o saben facer ou non, pero facelo é moi doado. Nos propios contedores xa che indica para que serve cada un.

Que pedirías a unhas festas para que fosen “ecolóxicas”?

Para unhas Festas Ecolóxicas pediría que se producise a menor cantidade de lixo posible e que este se recollese e se metese co contedor correspondente.

Sabemos das dificultades das accións persoais fronte a un sistema que vai na dirección contraria, mais tamén sabemos que a suma de moitas accións individuais nunha mesma dirección poden cambiar o rumbo, convertendo en posíbel algo que semellaba irrealizable.

A Festa de Mari Carmen

O pasado 2 de abril xubilouse Mari Carmen, a nosa panadeira, despois dunha chea de anos atendéndonos.

A asociación preparoulle unha pequena festa de despedida. Desexámoslle o mellor e que disfrute desta nova etapa da súa vida.




día 1 de setembro 20h30
lembrando o barrio
os oficios

praciña da fonte da rúa de abaixo ou, se chove, no café bar leis



as marías



entrevistas: os novos negocios do barrio

Nasro, carnicero na Estila

1- Levades muito tempo em Compostela?
Desde o 11 de Maio deste ano

2- De onde sodes?

Somos árabes da Argélia,
vimos da cidade de Tiaret.

3- Que significa Halal?

Halal é um certificado de garantia
que acredita que a carne que vendemos
é de animais sacrificados segundo
os costumes da religiom mussulmana.

4- Que destacarias desta terra?

A gente galega é mui tranquila e trabalhadora; o vosso povo também sabe o que é emigrar e compreende bem o que significa para nós. O que mais me chocou foi a natureza, todo tam verde! e o clima.

5- O melhor e o pior do bairro

O melhor é a tranquilidade da zona e a gente que vive aqui. Mui boa gente!
O pior é o negócio, que está difícil... ainda que neste mês, por causa do Ramadám, nom temos queixa.

6- Vás vir às festas?

Espero poder!



A large, stylized handwritten signature in Arabic script, likely belonging to Nasro. The signature is written in black ink on a white background.

Panadería Santa Clara, nº 20 rexfordada por M^a Carmen

1. Canto tempo levas no barrio?
Desde marzo de este mesmo ano.

2. Que che decidiu a abrir?
Estaba sen traballo e surxiu isto, que é algo que sempre me levou idea.

3. Qué é o que máis che agrada do barrio?
Que é unha zona tranquila, sempre me gustou máis a zona vella que a nova, e xa de pequena coñecía esta parte da cidade e esta casa, onde xa tiña estado.

4. Qué che falta no barrio?
Onde deixar o coche.

5. Qué pensas de que se recuperen as festas?
Está moi ben, eu xa coñecía as antigas festa de cando era moza... son xuntanzas que se van perdendo e é un día para ver a xente, falar con ela...



Mari, Javi e Tatiana

Ultramarinos Estila (Avenida de Salamanca 10, baixo)

1. Quando chegastes ao bairro?
Há nove meses que levamos o ultramarinos

2. Que vos decidiu?
Decidimo-nos a levá-lo pola falta de traballo. Enteiramo-nos de que se trespasava porque Mari traballava pola zona, e um día de compras, a antiga traballadora (Marisa) avisou-na.

3. Qué é o que mais che agrada do bairro?
A gente, porque nos fai sentir cómodas. Som persoas singelas, transparentes... a gente acolheu-nos com amabilidade.

4. Qué che falta no bairro?
Mais comércios, negócios, lugares para estacionar...

5. Que pensas de que se recuperen as festas?
Ainda nom as coñecemos mas parece-nos mui mui bem que se recuperem. Som necesárias para que a gente do bairro se poda relacionar entre ela.





TARASCA

Entremuros, 13
Compostela • Galiza

o teu kiosko en...

EXPENDEDURÍA nº 23

Rúa Pastoriza, 22 baixo
15704 Santiago de Compostela



www.agal-gz.org/gentalha

a gentalha do pichel
santaclara21

PELUQUERIA & ESTETICA

AINA

UNISEX

Mónica Salmonte Vidal

ESTILISTA



Basquiños, 39 Bajo

15704 Santiago de Compostela

Tlf: 981 05 20 34

(Sin cita previa excepto Estética)

Lunes a Viernes: 9:30 a 20:00

Sábados: 9:00 a 14:30

(no cerramos al mediodía)

M A R I S O L

(Peluquería Mixta)

Belleza

(Jornada Continua)

C/ Basquiños Nº 18 B.

15704 Santiago

Telf.: 981 564 819



**U
R
V
E**

inmobiliaria

- **ALQUILER**
- **PERMUTA**
- **PROYECTOS DE ARQUITECTURA**
- **COMPRA**
- **VENTA**

San Roque, 33 - bajo
15704 Santiago de Compostela
Telf.: 981 56 15 96
Fax: 981 55 43 01

sardiñada 2011

Un ano máis a Asociación Veciñal As Marías convocou toda a veciñanza e achegados á sardiñada popular do barrio polo San Xoán (un pouco pasado xa que este ano caeu 30 de xuño).

Prometéronse sardiñas, pan de broa, os famosos chourizos ao viño (tamén viño só para o que teña problemas co porco), música e baile. E todo isto na rúa de Santa Clara.

Aos efectos de por os dentes longos a tod@s aqueles que non puideron asistir, comentarlles que as expectativas dos asistentes a este evento víronse amplamente superadas pola calidade e cantidade das sardiñas, os chourizos, a bebida e a música. Tivemos que aplicarnos duramente e convidar a canto paseante despistado se achegou por alí para poder dar conta de todas as provisións (sólidas, líquidas e incluso gaseosas) ofrecidas pola organización.

Así como a organización non defraudou coa sardiñada, os asistentes tampouco o fixeron, de alí non marchou ninguén ata que se esgotaron todas as existencias (e máis que houbera), Mágoa que este ano o San Xoán caeu o xoves 30 de xuño e ao día seguinte tíñamos que traballar! Xa está a xurdir un movemento no barrio que solicita, incluso reclama, unha sardiñada á semana.



VOLTA A FESTA DO CARMO À AVENIDA DE SALAMANCA!

Nom se poderá dizer que a gente das Marias nom gosta de troulear, porque a partir deste ano temos outra festa mais para o calendário do bairro!

Nom nos chegava com sardinhadas, magustos e festas de setembro que tivemos que recuperar a celebração do Carmo que tradicionalmente se organizava na Avenida de Salamanca. O resultado foi umha festinha, humilde mas boa, que promete ir melhorando a cada ano. Nom faltou música e polvo à feira, e claro, tampouco faltou o melhor que tem este bairro: vizinhos e vizinhas!

O nosso bairro merece estar vivo: cada rua, cada portal e cada pracinha merece festas, jogos e comidas populares. Queremos viver comunitariamente, ainda que seja numha comunidade pequeninha, e compartilhar o que nos preocupa e o que nos alegra nestes momentos de encontro que vamos inventando ao longo do ano; para ver menos a tele e falar mais com quem vive ao nosso lado: porque é melhor ajudar-se e apoiar-se entre todos e todas; porque entre todas podemos decidir como queremos as próximas festas ou como queremos protestar polas obras no concelho... faltam ainda muitas mais assembleias e festas, falta ainda muita gente por conhecer!





lembra comprar a camisola



REPARACIÓN DE CALZADO & COPIA DE CHAVES

Santa Clara 16. 15704 Santiago de Compostela



CLINICA DENTAL SAN ROQUE

DRA. ANGELES SENLLE LEMOS
ODONTOLOGA

Colegiada n.º 768 - X Región
Nº REG. SAN. C-15-002408

C/ San Roque 31 B.
15.704 Santiago de Compostela
Telf.: 981 58 29 40



Eugenia Vázquez López
Avenida de Salamanca, 2
15704 - Santiago de Compostela.
Telf.: 981 566 455